

DESCALIFICACIÓN:

- Non correr por detrás do can, a 3ª vez.
- Empuxar ó can desde atrás ou tirar del a 2ª vez.
- Maltratar ó can, propio ou alleo ou agredir a outro deportista ou membro da organización.
- Manifiesta agresividade do can ou falta grave de control sobre o can que poña en perigo a outros equipos, público ou organizadores.
- Non finalizar o recorrido, facerlo sin pasar por todos os puntos de control ou acortando camiño salindo fora do circuito sinalizado.
- Recibir axuda externa fora dos espazos autorizados.
- Ensuciar ou degradar o itinerario.
- Dañar intencionadamente equipos ou material da organización.
- Non prestar auxilio a outro equipo en caso de accidente deste.
- Deixar ir, soltar ou perder ó can durante a carreira, aínda que se recupere con posterioridade.
- Non pasar ou non superar o control veterinario ou de material.
- Non cumprir los requisitos de inscrición que se establezan (Licencias, Seguro de Responsabilidade Civil do can, Seguro Accidentes Deportivo do deportista, vacunas específicas, prezo de inscrición...).
- Negarse o deportista a dar mostras para pasar un test de dopaxe ou presentar mostras de outras persoas ou de outros cans diferentes dos escollidos para pasar o test de dopaxe.
- Cando un veterinario diagnostica unha enfermidade contagiosa a un can.
- Aceptar ser transportado nun vehículo, excepto no caso de ter perdido ó can.
- Recibir 3 avisos por infraccións que non sexan directamente sancionables coa descalificación.
- Si o deportista, intencionadamente ou por negligencia, infrinxe a normativa das carreiras e isto lle da vantaxe ou causa inconvenientes ós seus contrincantes.
- Calquera outro suposto contemplado na normativa de carreiras da IFSS.

6. PERCORRIDO

A proba seguirá un percorrido de 3100m sinalizados.

7. TROFEOS

Haberá Trofeo para os 3 primeiros/as da carreira respectivamente e trofeo ó club ou entidade con máis participantes na proba.

8. INSCRICIÓN E CONTROL VETERINARIO

As Inscricións e o Formulario de Control Veterinario estarán na web www.emesports.com. O Formulario unha vez cuberto deberase remitir a conta de correo: carreraboimorto@gmail.com. O prezo de inscrición será de **5 €**. Os corredores que participen en ambas carreiras pagarán tan so a inscrición dunha.



ORGANIZAN:



CONCELLO DE
BOIMORTO



FEDERACIÓN
GALEGA DE
ATLETISMO

COLABORAN:



www.asociacioncorredor.com



Deputación
DA CORUÑA



VIII CANICROSS DE BOIMORTO

TROFEO: "CONCELLO DE BOIMORTO"



27 DE SETEMBRO DE 2014



CONCELLO DE
BOIMORTO



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO

1. PRESENTACIÓN

O Canicross é unha modalidade deportiva do Mushing que é un deporte que depende da Federación De Deportes de Inverno. Consiste en correr cun can atado á cintura mediante unha liña de amarre que une o arnés de tiro do can ó cinto de tiro do corredor.

O entorno é privilexiado pola diversidade de paisaxes: regatos, carballeiras,... ademais do interese etnográfico que presenta o percorrido.

2. REGULAMENTO (resumido)

A proba rexeráse pola Normativa 2013-14 da FGDI, publicada en www.fgdi.es e en www.asociacionacade.com. Será responsabilidade do corredor coñecerlo e a inscrición na proba implica a aceptación do mesmo.

Poderán participar corredores federados ou non pola FGDI, habendo unha soa clasificación conxunta.

Os aspectos máis importantes para poder participar son:

- Tódolos cans cumpriran obrigatoriamente:

Ter 12 meses como mínimo e 10 anos como máximo.

Pasar o Control Veterinario.

Ter Cartilla de Vacinación ó día selada por Veterinario colexiado.

Ter o Microchip implantado.

Ter Póliza de R.C. que cubra a práctica deportiva e competición. Os cans que no estén en condicións de saúde adecuadas para a súa participación a criterio do veterinario da proba, non serán admitidos.

O corredor que participe con un can que non sexa da súa propiedade terá que presentar unha autorización por escrito do propietario ou que este o autorice en persoa.

Unha vez iniciada a proba, non poderá cambiarse ningún can.

Os participantes irán equipados obrigatoriamente co seguinte material:

O can levará arnés de tiro sen ningún elemento de ningún material.

Corredor e can irán unidos por unha liña de tiro con amortiguador que non será inferior a 2m nin superior os 2'5m en extensión e recoméndase non levar ningún elemento de ningún material para unirse ó arnés de tiro do can.

O corredor levará un cinto de 7 cm de ancho como mínimo onde enganchar a liña de tiro mediante un sistema de apertura rápida.

Se non se dispón do material: É responsabilidade do corredor ter o material para ese día.

Se non se dispón da Póliza de R.C.: Pódese contratar unha póliza contactando co organizador.

O día da proba será obrigatorio presentar a Cartilla de Vacinación e o xustificante da compañía aseguradora da Póliza de R.C. do can.

**A inscrición finaliza o Xoves 25 de Setembro
de 2014 ás 22:00 horas**

3. CATEGORÍAS (homes e mulleres)

CH CaniCross Home: 2000 e anteriores

CM CaniCross Muller: 2000 e anteriores

4. HORARIO

16:30 - 17:00	Entrega Dorsais e Control Veterinario.
17:00 - 17:15	Reunión Informativa.
17:30 - 18:00	VIII Canicross Boimorto.
20:45 - 21:15	Entrega de Trofeos.

5. NORMAS DA CARREIRA

O corredor correrá sempre por detrás do can permitíndose como máximo facelo á altura das patas traseiras.

AMONESTACIÓN: Non implica penalización de tempo:

- Non correr por detrás do can a 1ª vez.
- Non levar o dorsal visible, tomar a saída sin dorsal ou perderlo en carreira. A amonestación é independente das consecuencias organizativas de non ver o dorsal, non estando obrigada a organización a tomar o crono de un deportista sin dorsal se non teñen forma de identificalo.
- Non facilitar ou dificultar un adiantamento.
- Pouco control do deportista sobre o seu can na saída.
- Non asistir á reunión informativa previa a carreira, si é obrigatoria.
- Non pasar o control de parque cerrado cando exista.
- Levar o can solto no lugar de concentración, antes ou despois da carreira.
- Non levar a liña de tiro recollida na saída os metros que indique o organizador.
- Axudar a un equipo marcándolle o paso.
- 14.2.10 Outros supostos que considere o Delegado Técnico, e que se anunciaran durante a reunión informativa.
- 14.2.11 Darase 1 AVISO por unha infracción da normativa de carreiras sempre que:
 - Esto non lle dea ningunha vantaxe ou non cause perxuízo ós outros participantes ou
 - Non se considere un perxuízo para o deporte, a proba ou outro competidor, ou
 - Non teña consecuencias para ningún participante.

PENALIZACIÓN: Penalizarase engadindo 60 segundos ó tempo do corredor:

Non correr por detrás do can a 2ª vez ou a 1ª si é en directo perxuízo de outro participante.

- Empurrar ó can dende atrás ou tirar del, a 1ª vez.
- Recibir 2 avisos por infraccións que non sexan directamente sancionables con penalización ou descalificación.
- Outros supostos que considere o Delegado Técnico, e se anunciaran na reunión informativa.